

ADDENDA COVID ÓS DOCUMENTOS DE CENTRO (PEC, NOFC,...)

A partir do resolución conxunta das consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia do 22 de xuño de 2020 e as súas sucesivas actualizacións , así como a Instrución do 30 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa , a dirección do centro adoptou as medidas de actuación necesarias para adecuar ao contexto do centro as novas normas e instrucións elaborando o Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 2020/21, Programa de acollida, Plan de continxencia e Planos de circulación do centro que adaptan as recomendacións sanitarias á vida do centro.

Estas modificacións implican un profundo cambio na organización dos espazos de aula e comúns así como na organización das entradas , saídas e recreos. Recolle tamén unha serie de indicacións obrigadas de tipo sanitario e hixiénico que afectan o comportamento do alumnado e docentes que modifican as normas ata agora establecidas (especificamente o uso da máscara e a hixienización de mans).

Esta nova realidade obriga a modificar tamén os documentos de centro , especialmente o Proxecto Educativo , as Normas de Organización Funcionamento e Convivencia e o Protocolo de Comedor para adaptalos á situación da realidade COVID e evitar medidas contrapostas , polo que , como Director do centro se presenta ante o Consello Escolar esta ADDENDA para aprobar as medidas propostas dentro dos documentos COVID antes relacionados mentres se manteñan as recomendacións das autoridades sanitarias e educativas en relación á situación COVID , deixando suspendidas aqueles puntos que entren en contradición coa nova situación ate a recuperación dunha situación normalizada.

A dirección.